



lanzadeXras

tema 1: identidade

módulo 1

identidade



tema 1: identidade

módulo 1

semana 1 | día 1


lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo


ÍNDICE TEMÁTICO

| |
|--|
|  semana 1 <i>identidade</i> |
| semana 2 <i>persoas</i> |
| semana 3 <i>habilidades</i> |
| semana 4 <i>estratexia</i> |
| semana 5 <i>mercadotecnia</i> |
| semana 6 <i>creatividade</i> |
| semana 7 <i>xestión</i> |
| semana 8 <i>marca persoal</i> |
| semana 9 <i>comunicación</i> |

ÍNDICE MODULAR

| |
|--|
|  módulo 1 <i>identidade</i> |
| módulo 2 <i>personalidade</i> |
| módulo 3 <i>recursos</i> |
| módulo 4 <i>actividade</i> |

ÍNDICE DO MÓDULO

| |
|---|
|  resumo teórico <i>páxina 04</i> |
| exemplo <i>páxina 08</i> |
| videotutorial <i>páxina 09</i> |

GramolaEmprendedora



Escoita
Uptown Funk
Bruno Mars



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ



NEW
Octopus
PREMIUM QUALITY

Illegible text block 1

Illegible text block 2

Illegible text block 3

Illegible text block 4



FISH
MENU

NEW
Octopus
PREMIUM QUALITY




NEW MENU PREMIUM QUALITY

NEW MENU PREMIUM QUALITY



NEW MENU PREMIUM QUALITY



NEW
Octopus
PREMIUM QUALITY

NEW MENU PREMIUM QUALITY





tema 1: identidade

módulo 1

semana 1 | día 1

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina




resumo

O primeiro que debemos ter claro, cando comezamos a aventura de emprender, é cara a onde imos, que queremos conseguir cando cheguemos alí, en cantas etapas pretendemos alcanzar esa meta e que valores guiarán todas e cada unha das nosas actuacións. Esta cuarteta é o ABCD de calquera proxecto empresarial que se prece.

Definida a meta, o camiño, a visión que nos inspirará o camiñar e os principios que seguirán os nosos pasos, é a hora de empezar a dar forma á nosa idea.

Con que cores a imaxinamos representada? Que nome definirá con precisión a actividade que vou desenvolver? Que imaxe gráfica, pintada coas cores que acabo de elixir, utilizarei como logotipo? Se plasmoo todo iso nun cartón de visita para presentarme aos demais, como o imaxino? Atrévome a deseñalo facendo un bosquexo? Seguindo todos os pasos xa dispoño dunha identidade básica para a miña idea empresarial.

Unha identidade corporativa complexa dispón dalgúns elementos máis: unha retícula ou cuadrícula que enmarca o logotipo, limitando as súas dimensións e o espazo para compartir con outras imaxes gráficas, cousas ou logotipos doutras empresas; o tipo de fonte ou letra que a nosa empresa utilizará para as súas comunicacións; a cabeceira, que é unha composición do logotipo co nome e cargo de cada persoa na empresa; a papelería corporativa, que inclúe o deseño dun folio, un sobre, un cartafol coas





tema 1: identidade
módulo 1
semana 1 | día 1

lanzadeiras

15

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

imaxes corporativas da empresa e os seus datos de contacto; as pautas de rotulación dos edificios, os vehículos de empresa e a roupa de traballo; e as normas de deseño dos elementos promocionais ou de merchandising.

No seu conxunto, todos os elementos anteriores complementan e definen a identidade dunha empresa, que non é outra cousa que aqueles elementos visuais externos que a diferencian do resto das empresas facéndoa recoñecible para o máximo número de persoas.





tema 1: identidade

módulo 1

semana 1 | día 1

lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría

exemplo



MUNICH. A MARCA DAS DEPORTIVAS

Utilizaremos as zapatillas Munich para exemplificar como a identidade se converte nunha das claves para ter en conta. A finalidade é que a xente se diferencie ao vestilas. A súa mercadotecnia céntrase no aspiracional, pois o consumidor ten a aspiración de chegar a compralas. Só hai unha tenda en España da firma; por iso o éxito provén do posicionamento que lle achegan os clientes.

O tipo de negocio, no que os clientes son os seus socios, destaca pola singularidade dos seus tres modelos de produto. O seu segredo reside na ampla gama de colorido que poden adoptar.



a hemeroteca de Paula



tema 1: identidade

módulo 1

semana 1 | día 1

lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

A HISTORIA DE ADIDAS

<https://www.youtube.com/watch?v=nngl8hs-dba>



Toda empresa ten unha identidade, que é a súa forma de diferenciarse da competencia e recrear unha personalidade propia. A identidade abarca moitos elementos, desde os máis simples a outros máis complexos como a forma de actuar. Pero o principal elemento para definir a identidade dunha empresa é o seu logotipo.

No vídeo podemos observar como evoluciona o logotipo da marca Adidas desde a súa creación ata as imaxes que todos coñecemos a día de hoxe. Seguindo a historia podemos intuír que non foi fácil para Adolf Dassler, xa que o logotipo inicial tivo que ir adaptándose ás necesidades da empresa conforme esta ía crescendo.

